

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,


CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na sesión do día cinco de maio de dous mil once, aprobou as modificacións de titulacións de máster universitario que se contemplan na documentación adxunta.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a seis de maio de dous mil once, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor



Juan J. Casares Long



## **PUNTO 11.- MODIFICACIÓN DE TITULACIONES DE MASTER UNIVERSITARIO**

(Aprobado polo Consello de Goberno de 5 de maio de 2011)

O Consello de goberno da USC reunido en sesión ordinaria o día 5 de maio de 2011, acordou aprobar, de acordo có informe emitido pola Comisión de titulacións, as seguintes modificacións das titulacións dos másteres universitarios que se relacionan a continuación:

### **1)- Máster en Ciencias Odontolóxicas:**

Apróbanse as seguintes modificacións:

- a) Redución do número de prazas de novo ingreso, que pasarían de 37 a 24;
- b) Reorganización das ensinanzas, quedando configuradas en oito materias obrigatorias e o traballo de fin de máster que pasa de 18 a 30 ECTS;
- c) Reaxuste do persoal académico.

Respecto da modificación relativa á eliminación dos criterio de admisión, de xeito que calquera licenciado ou graduado puidera ter acceso ao máster, se manteñen os criterios de acceso de cursos pasados, que limitan ó acceso ós graduados ou licenciados en Odontoloxía ou Medicina na especialidade de Estomatoloxía ou Cirurxía maxilofacial.

### **2) Máster en Innovación en seguridade e tecnoloxía alimentarias:**

Apróbase a modificación solicitada, incluíndo a materia optativa "Prácticas externas" de 6 ECTS, no devandito máster.

### **3) Máster en Enxeñaría ambiental:**

Apróbase a modificación de créditos da materia "Laboratorio de solos e residuos" que pasa de 4 créditos ECTS a 3.5, e da materia "Edafoloxía aplicada" que pasa de 3.5 créditos ECTS a 4, baixo a condición de que se motive suficientemente, xustificando que o cambio foi proposto por unanimidade.

### **4) Máster en "Estudios teóricos e comparados da literatura e da cultura" e do Erasmus mundus "Encrucillada nas humanidades europeas".**

Apróbase a modificación do título do Erasmus mundus que pasa a denominarse "Encrucilladas nas narrativas culturais"; e o cambio de

denominación da materia “*O movemento modernista e o panorama literario inglés: unha aproximación interdisciplinar, 1900-1930*” que pasa a denominarse “*O movemento modernista e o panorama literario europeo*”.

### **5) Máster en Matemáticas:**

Apróbase a inclusión de complementos formativos debido ao “Convenio de dobre titulación entre os mestrados en matemáticas das universidades de Porto (Portugal) e de Santiago de Compostela (España).

### **6) Máster en investigación en ciencias da visión:**

Apróbanse as seguintes modificacións, tendo en conta que estas modificacións ten que tramitalas a Universidade de Valladolid que coordina o máster:

- a) Incorporación de tres novas universidades a este máster interuniversitario, coordinado pola Universidade de Valladolid: a Universidade de Alcalá de Henares; a Universidade de Navarra e a Universidade de Valencia
- b) Creación de 9 novas materias: “*Neurofisioloxía visual básica*”, “*Neurofisioloxía visual clínica*”, “*Modelos experimentais en investigación en dexeneración macular asociada a idade*”, “*Técnicas diagnósticas en oftalmoloxía experimental*”, “*Avances no diagnóstico e tratamento clínico e experimental das inflamacións oculares (uveítis e escleritis)*”, “*Investigación básica e clínica en ortoqueratoloxía avanzada*” (que será impartida pola USC), “*Actualización no diagnóstico e tratamento das enfermidades da superficie ocular*”, “*Avances en terapia antiglaucumatosas*”, “*Técnicas básicas de laboratorio aplicadas á investigación ocular-II*”.
- c) A materia “*Elementos básicos de la investigación*” pasa de 5 créditos ECTS a 6.
- d) Modificación do nome de dúas materias: Cirurxía refractiva e calidade de visión que pasa a denominarse Cirurxía do segmento anterior e calidade da visión; Investigación básica no sistema visual que pasa a denominarse Modelos experimentais de investigación en el sistema visual.
- e) Eliminación de tres materias: Docencia en ciencias da visión, Manexo de animais en experimentación e métodos alternativos, e “*Aplicacións informáticas para oftalmoloxía*”, impartida esta última pola USC.